

ÁNTRAX

Paula Antía Rey Baliña

*Quero cuspir poesía
dunha forma triste
que ninguén entenda.*

Lupe Gómez

DECLARACIÓN PRIMEIRA

estes son os meus
desexos de enraizar
no teu embigo
para que logo vexas
que o noso foi un atoparnos
sen fin:
que máis tarde
ou máis cedo
habíasme de ver
entre aqueles neons
desta adolescencia
virxinal e desgarradora
na que te imaxino
vivindo baixo miles
de soles exóticos
-vestido de sedas e de ouros-

ELAS DANZAN E

EU

SIGO ENFERMA.

MENSTRUACIÓN, XULLO 2015.

*When I turn to you in the afternoon, in our bed,
Where you lie reading, you put me off, saying only
It is hot, you are tired.*

Diane di Prima.

como non compartir
esta ferocidade,
esta ansia crúa
de gabear polas
paredes da casa?

estamos todas podres,
pero esta dor
que compartimos
fainos poderosas
(víscera pública)

DESPOIS DISTO

os ecos non anunciarán
esta celebración
de estarmos inmaculadas
e bafexamos para non morrer
do frío
nesta longa procesión
de ánimas,
porque o certo é
que hai quince días

que non sangro:

esta hemorraxia

xa anuncia as non-vidas.

Marcel:

pregunto

cales son as diferenzas

entre un xardín francés

e un xardín inglés

a pesar de estar

amándote dende ben lonxe:

no Mont Saint-Michel

cantos celebran

a túa morte pausada:

mesdames:

aquí as torturas recibidas

teñen a súa compensación

por iso as gorxas poden agora

exhalar

os centímetros cúbicos

de aire gardado: os silencios e as mareas

(un franc pour tes pensées)

neste libro
tan francés
tan fraticida
cóntovos as historias
dos nosos encontros
no asento de atrás
sen que os nosos pais o saiban
porque á nosa idade
todo é pecado:

pecado tocarme
pecado tocarte
pecado querer ter sexo
pecado ser muller
nun mundo de homes
e non ser santa.

QUÉIMAME O SAGRADO
E FALO COA BOCA BEN ABERTA.

FALO COA BOCA BEN ABERTA

E NON CALO

aínda que sei que a Rosa

non lle vai parecer ben:

avoa, perdóame.

ás veces penso nas mulleres

que precederon a Rosa

e pregúntome

se elas tamén sentiron

esta rabia que eu sinto

que tiveron que calar

agora estou aquí para vingar

os vosos silencios:

non só os da miña estirpe

senón os de todas vós

en calidade de mártir.

atrévome a dicir
que me gustan máis
os xardíns ingleses
que me gusta máis
revolverme entre a inmundicia
dos diamantes
e da enfermidade
-cos meus pés en parafina-

algún día hei de contar a verdade
diante de toda a multitude cando
as miñas mans podrezan

pero

que atrevemento

vai ser admitir que

son unha nena sucia,

mamá.

non te vou ver máis:

non son

tan bonita

tan avanzada

nas artes amatorias

coma elas

pero non te preocupes:

hei de estirarme

crebarme

para ser máis bonita

menos intelixente

e máis submisa, se cadra,

para que te preguntes

se vale a pena quererte

nesta madrugada

na que non quixeches

ter sexo comigo

pero por favor, non te sintas mal.

ERA SETEMBRO E ENCHÍAS
DE ÁCIDO A MIÑA BOCA
AGARDANDO POLA CHUVIA
-para sentirme máis limpa-
aínda que é certo
que na descomposición
atopaba a materia:
non me mires:
teño palabras en cirílico
no peto
e toda a area
que arrastro polo chan
para sentirme
máis telúrica
na miña propia fenda
agora que renego
agora que me estrago
as mans agora
que non nos tocamos
as nosas peles ferruxentas
espidas no cuarto:
ABAFAMOS FÓRA E DENTRO

lembro correr

polos campos baixo o sol

case no

tempo das uvas

mentres revelabamos

as nosas mans

e entrañas

ben limpas

como obedientes que eramos

como podres que estaban as nosas linguas

agraces

porque todo isto é certo:

fun unha delas

tan *sagrada* coma todas,

que calabamos

e non dicíamos nada

sobre as selvas que medraban

dentro de nós

ás nosas nais.

HABEDES DE LER ISTO
E HORRORIZARVOS
CO NOSO SANGUE POLAR

xa erro comesta enteira
e non son quen de decidir
as mortes.

déixame ser digna de ti
deixa que afogue no Morbihan
a través de todos os cristais:
despezada
agora que non escribo
tanto como antes
e lévate fondo
a resaca da baía.

arder

o meu ventre

arderte

porque segues vivo

porque debo manter

a espiralización

porque non me levaches ao mar

para emerxer

cada solpor

das foxas atlánticas

o derradeiro bastión caía

e a miña boca

xa tiña o veneno

nas enxivas

de todos os habitantes

do androceo

TI SEMPRE ESTABAS

AZUL

E ELÉCTRICO

ARRIBA

NO ALTAR

sei que elas acubillaron

abellas nas súas bocas

eu non o puiden retratar:

non quedaban carretes

e tiven que contar a historia

outra vez

aquí:

a historia de Marcel

decapitado

Marcel

fendido de norte a sur

e eu todopoderosa

besta engulo etílica

e sen compaixón

as túas tripas: tan

rabiosamente

compracente:

dislocada.

RECOÑECEDE NESTE MOMENTO

AS VERDADES E MENTIRAS

QUE VOS VEÑO DE CONTAR

SOBRE ESTA HECATOMBE

-A LUZ CHEGA

A TODOS OS RECUNCHOS

DA CASA-:

mamá, que van pensar de min?